

SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN PONTEVEDRA

ÁREA DE INDUSTRIA E ENERXÍA

Praza de España, s/n, 36002, Pontevedra

Código proxecto: PEol-323 AC.

ASUNTO: Alegacións contra a solicitude de Autorización Administrativa Previa e o Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Tramontana, situado nos termos municipais de Forcarei e Silleda (Pontevedra), e a súa infraestrutura de evacuación, situada nos termos municipais de Cerdedo-Cotobade, Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense).

Don/Dona _____ con DNI. _____,
con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio
de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN: Coñecendo a través do Boletín Oficial do Estado do 31 de maio de 2021, o anuncio da Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra (Referencia: BOE-B-2021-27531), polo que se somete a exposición pública a solicitude de Autorización Administrativa Previa e o Estudo de Impacto Ambiental do Parque Eólico Siroco, de 61'6 MW, situado no termo municipal de Cerdedo-Cotobade (Pontevedra), Parque Eólico Tramontana, de 72'8 MW, situado nos termos municipais de Forcarei e Silleda (Pontevedra), e a súa infraestrutura de evacuación, situada nos termos municipais de Cerdedo-Cotobade, Forcarei (Pontevedra) e Beariz (Ourense), procédese a presentar as seguintes **ALEGACIONES** ao citado proxecto:

1. Respecto do **procedemento administrativo** faise constar a **falta de información** sobre o proxecto aos afectados e á cidadanía en xeral. Realizáronse distintos trámites e xestións con total opacidade e **sen garantir unha participación real e efectiva** no procedemento. Incumprindo as garantías de participación do público na toma de decisións en materia do medio ambiente, recollida no Convenio de Aarhus, no artigo 45 da Constitución española e na Lei 27/2006 (incorpora as Directivas 2003/4/CE e 2003/35/CE).
2. A **ubicación** do PE Tramontana e liña de evacuación **non é apropiada** ao localizarse fóra das Áreas de Desenvolvemento Eólico establecidas na ordenación sectorial da Xunta de Galicia e dentro de áreas de sensibilidade ambiental máxima da *Zonificación ambiental para la implantación de energías renovables: eólica y fotovoltaica* do Ministerio para la Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.
3. **O EIA do PE Tramontana presenta incoherencias coa Lei de Avaliación Ambiental (Lei 21/2013)**. Por exemplo: deficiencias na análise de alternativas, carencias no inventario ambiental, só se valoran os impactos da solución proposta. Ademais, no EIA non se valoran correctamente os impactos, minimizando as afeccións negativas e sobrevalorando os impactos positivos.
4. Que a tramitación ambiental do proxecto do PE Tramontana **é unha fragmentación irregular de proxectos eólicos** con respecto ao PE Sirocco, xa que os EIA se realizan de forma separada cando en realidade se trata dun único gran parque eólico promovido pola empresa Greenalia, impedindo unha avaliación ambiental correcta de tódolos impactos acumulativos, cunha información pública sesgada cara a cidadanía e outras administracións. Ambos parques, así como outros da mesma promotora, se conectarán á SE do PE Penizas e usarán a liña de evacuación Penizas-Paraño, a cal se valora por separado de Siroco. Cómpre lembrar ao respecto da división artificial de proxectos a STSJ GAL 5691/2020 - ECLI: ES: TSJGAL: 2020:5691 de data 09/11/2020.
5. **No EIA non se estudan os efectos acumulados e sinérxicos de todos os parques da zona existentes e futuros**. Na área do PE Tramontana e liña de evacuación existen parques eólicos en funcionamento (Couto de San Sebastián, Campo das Cruces e Masgalán-Campo do Coco) e moitos outros en tramitación ou autorizados (Outeiro Grande, Monte Festeiros, Borreiro, Cabanelas, Pedra Longa, As Penizas, Ampliación As Penizas, Paraño Oeste, Suído II, Marcofán e Campos Vellos) que xeran unhas afeccións conxuntas nun mesma área xeográfica absolutamente intolerables dende moi distintos eidos, ambiental, social, económico, etc. Hai que ter en conta o que di ao respecto a xurisprudencia (Sentencia doTSJ Castilla y León de Burgos, Sala de lo Contencioso-administrativo, Sección 1ª, S de 13 de Julio de 2012 e Sentencia del TS 345/2018, de 5 de marzo).
6. Que o P.E. Tramontana e a súa liña de evacuación é moi **prexudicial para a calidade de vida dos veciños** dos pobos da contorna (Fontefría, Vilar, A Graña de Umia, A Umia, Muras, Castro de Muras, Alende, Os Campos, A Reigosa, Filloio, Valiñaxemia, Valadares, etc.) pola proximidade excesiva dos aeroxeradores e a LAT e demais afeccións negativas, que se rexe por leis desfasadas sen ter en conta as proporcións e características das instalacións eólicas actuais, agravando afeccións na saúde física e psicolóxica das persoas como o ruído, "efecto sombra" ou os que terán os campos

electromagnéticos, que se ben nalgún caso se presentan estudos, estes non contemplan de forma sinérxica os efectos con outros parques xa construídos ou en tramitación na contorna.

7. Que o PE Tramontana **afectará moi negativamente á economía local**, sector forestal e turístico, entre outros, e especialmente ao **sector agrogandeiro**, xa que este se empraza sobre unha das zonas de maior produtividade agrogandeira do concello de Forcarei, con afectacións e impactos moi graves sen avaliar no EIA. Fragmentación das explotacións e perda de base territorial, ocupando terra de uso agrícola e gandeiro para pasto vacún, con propiedades consideradas superficie agraria útil vinculada a explotacións para aproveitamento e suxeitas aos criterios de percepción de pagos directos dentro da PAC. A construción do parque presenta, ademais, contradicións cos procesos de concentración parcelaria en trámite, en execución ou xa executados na zona. Tampouco se avalían as posibles afeccións das instalacións eólicas e infraestruturas asociadas sobre o gando.

8. Que **as vivendas e terras da zona perderán valor** ao encadrarse dentro da poligonal do PE e polo efectos negativos do mesmo (impacto visual e paisaxístico, contaminación acústica e lumínica, perda de calidade de vida, etc.). Unha poligonal inxustificadamente sobredimensionada na que quedan aldeas enteiras supeditadas aos intereses da promotora e a un gravame considerable a efectos de perda de valor da propiedade, liberdade dos seu uso ou expropiación para ampliacións ou modificacións. Ademais, o proxecto **non supón un retorno económico relevante** para a zona nin se garante a creación de emprego. As repercusións económico sociais que se expresan no proxecto non están fundamentadas.

9. Que o proxecto do PE Tramontana supón unha **serie de impactos ambientais severos**:

- **Vulneración da Directiva 92/43/CEE**, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres, con afectacións sobre **hábitats de interese comunitario prioritario**.
- **Incompatibilidade coa fauna local** pola existencia de **especies vulnerables**. Téñase en conta as **Directiva 2009/147/CE de Conservación de aves silvestres e a Lei 5/2019 de Patrimonio Natural de Galicia**.
- **Afección á Rede Natura 2000 sobre os LIC do ZEC Brañas de Xestoso, ZEC Serra do Candán e ZEC Serra do Cando, constituíndo a zona de instalación do PE** un corredor ecolóxico e unha área territorial de primordial importancia para poboacións de especies de fauna e flora, expresamente regulado nos arts. 3.1 e 10 da Directiva 92/43 de Hábitats e art.46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e a Biodiversidade.
- **Afección severa a Humidais e Turbeiras** non inventariados pola Xunta de Galicia.

10. Que a zona na que se pretende implantar o PE Tramontana e a súa liña de evacuación ten unha **riqueza patrimonial e cultural** moi grande que se verá **gravemente afectada**. Véxase todo o patrimonio arqueolóxico presente (castros, mámoas, petróglifos...), arquitectónico, etnográfico ou inmaterial. Téñase en conta a **Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia**.

11. Que non se presenta un estudo hidrolóxico e hidroxeolóxico que garanta a non afección ós acuíferos e á calidade das masas de auga tanto superficiais como soterradas. Os grandes movementos de terras, perforacións e outras obras necesarias para a construción do parque eólico e a liña de evacuación **poden afectar gravemente ós acuíferos, mananciais e á rede hidrográfica** dándose unha afección severa ós recursos hídricos. Téñase en conta a **Directiva Marco da Auga (DMA)**.

12. Que o **Estudo de Impacto e Integración Paisaxística (EIIP) non se adapta ó Regulamento da Lei da Paisaxe (Decreto 93/2020) e ás Directrices de Paisaxe (Decreto 238/2020)**, tamén presenta defectos na metodoloxía. O PE Tramontana tería un **impacto paisaxístico severo**, afectando gravemente á paisaxe que supón un elemento cultural e natural de inmenso valor para a sociedade e é un activo económico e social.

En virtude de todo o anterior,

SOLICITA: O **REXEITAMENTO** da solicitude de Autorización Administrativa Previa e o Estudo de Impacto Ambiental do **Parque Eólico Tramontana** e a súa **infraestrutura de evacuación** situado nos municipios de Forcarei, Silleda, Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) e Beariz (Ourense) (**Código de proxecto: PEol-323 AC.**), e a súa retirada definitiva pola incompatibilidade coa saúde e calidade de vida dos veciños, coa economía local, cos valores ambientais, paisaxísticos, naturais e patrimoniais presentes na área de afección do proxecto; pola fragmentación das infraestruturas eólicas aos efectos ambientais e a falla de licenza social.

En _____, a _____ de _____ de 2021

Asdo.: _____